

PARTICIPACIÓN AMBIENTAL

NORMAS DE FUNCIONAMIENTO

Programa | Rutas | Hortas Urbanas | Voluntariado

PROGRAMA

Participación ambiental é un programa da **Concellería de Medio Ambiente de Vigo**. Ten como **obxectivo promover a educación, a sensibilización e o voluntariado medioambiental entre a cidadanía viguesa**.

Liñas de acción: **Percorridos Medioambientais, Hortas Urbanas e Voluntariado Medioambiental**.

Programación de primavera (abril-xuño) e **Programación de outono** (setembro-novembro), desenvolvéndose habitualmente actividades de voluntariado tamén durante o período estival.

DESTINATARIOS:

Persoas maiores de idade empadroadas en Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).

No caso de **residir en Vigo e non estar empadroados** incluírase na Lista de agarda ao longo do xoves, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición o xoves pola tarde.

Menores de idade. Nas rutas deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.

INSCRICIÓN:

Para todas as actividades tramítanse unicamente a través do **servizo de atención telefónica do Concello de Vigo - 010**, sendo o prazo de inscrición de luns a mércores, de 8 a 20 horas, da mesma semana da actividade. Para non empadroados habilítase o xoves no caso dos percorridos medioambientais.

Para axilizar ao máximo o tempo de chamada, é preciso ter a man os datos que as operadoras rexistran no proceso (Nome e apelidos, NIF, teléfono de contacto e idade); ademais é importante comentarlle á operadora calquera incidente que poida ser relevante para os monitores, guías e socorristas (alergias, discapacidades que afecten á práctica de exercicio físico, lesións, etc).

Cada persoa só poderá inscribir ata un total de **3 usuarios/as**, sendo necesario dispór todos os datos de inscrición. No caso de unidades familiares, poderanse inscribir os pais e fillos da unidade familiar dunha sóa vez.

No caso de non realizarse a inscrición definitiva segundo o previsto ou de facer anulación, asignaranse prazas a través da lista de agarda, tendo nese caso que facer a inscrición definitiva durante o xoves ou á maior brevidade posible.

Un/unha participante non poderá asistir a dúas actividades consecutivas, agás que, atopándose en lista de agarda, quedasen prazas dispoñibles o mércores a partir das 15 horas. Nese caso seralle comunicado na tarde do propio mércores previo á actividade.

ANULACIÓN DE INSCRICIÓN NO 010

De cara a evitar situacións indesexadas no proceso de inscrición nos percorridos medioambientais de Camiño a Camiño lembramos os criterios que se aplicaran para a anulación de inscricións:

- As persoas inscritas nun percorrido no 010 que por calquera motivo teñan que anular a súa inscrición, teranno que comunicar de novo ao 010. Deste xeito liberanse as prazas e pódense dispor delas para persoas da lista de agarda, tendo preferencia as persoas empadronadas ás non empadronadas.
- Aquelas persoas que non cumpran co criterio anterior pasaran á lista de agarda nas inscrición dos seguintes percorridos da tempada.

No caso de non estar operativo o 010, tamén se poderán realizar as anulacións a través do correo info@caminoacaminovigo.org ou no teléfono 662 23 10 23.

ACREDITACIÓN NAS ACTIVIDADES

As persoas inscritas previamente en Camiño a Camiño: a través do nome e nº de DNI.

As persoas inscritas por primeira vez en Camiño a Camiño: presentando o DNI.

Nas actividades con achega, compre presentar ademais o resguardo de ter pagado.

RECOMENDACIÓNS PARA OS PERCORRIDOS

De cara a un axeitado aproveitamento das actividades habituais de Camiño a Camiño realizamos algunhas recomendacións xenéricas:

- Imprescindible levar calzado cómodo e adaptado para andar por pavimento e camiño de terra. Cando a ruta presente un desnivel importante, empregar bastón de sendeirismo.
- Dada o tempo adicado a camiñar, convén levar auga para hidratarse e alimentación enerxética (fritos secos, barriñas enerxéticas, chicolate, galletas, etc) que permita repór forzas durante o camiño (lembrar que "a maquinaria non funciona sen gasolina"). Isto non quita que haxa que tomarse un almorzo completo.
- No caso de padecer algunha doenza que poida afectar ao normal camiñar é preciso comunicarllo a un monitor/ra para que el ou o socorrista valore iniciar ou continuar o percorrido.
- Ao finalizar a ruta, realizar estiramientos coas orientacións oportunas por parte do monitorado.
- Por último, se hai calquera dúbida ou se se produce calquera incidencia, o equipo de monitores está sempre dispoñible para atenderos.
- Rutas particulares (p.e: rutas de media montaña ou a lugares perigosos): requirirán unhas necesidades específicas que serán comunicadas oportunamente.

NON ESQUECER QUE PARTICIPAR EN "CAMIÑO A CAMIÑO" É PARA MELLORAR O COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E INCORPORAR HÁBITOS SAUDABLES, NON PARA "ARREPENTIRSE" O RESTO DA SEMANA.

RUTAS

O programa de educación medioambiental desenvolto pola **Concellería de Medio Ambiente de Vigo** arranca a súa tempada de primavera cunha proposta de percorridos medioambientais por Vigo e o sur da provincia de Pontevedra. A intención é achegarnos aos principais miradoiros e achegarse á riqueza natural e paisaxística que se pode contemplar dende os mesmos.

MIRADOIROS DE VIGO E SUR DE PONTEVEDRA*

12 abril: Miradoiros de Vigo (O Maruxento-Maúxo Grande-Alto da Bandeira)

19 abril: Miradoiros de Redondela (Fenteira e Coto da Agua)

26 abril: Miradoiros de Porriño (Faro Budiño) e Pontearreas (San Cibrao)

3 maio: Miradoiros de Tomiño (Monte Tetón) e Gondomar (Alto de San Antoniño)

10 maio: Miradoiros de Baiona (Alto da Groba) e de Oia (Alto de Corroubelo)

17 maio: Miradoiros de O Rosal (Alto do Niño do Corvo)**

24 maio: Miradoiros de A Cañiza (Alto da Paradanta)**

* Horario: 9:00-15:00, Convocatoria: 8:30. ** Día completo

XI ANDAINA POLOS MONTES DE VIGO*

31 maio Montes de Zamáns, Beade e Bembrive

* Información adicional dende 14 de maio

RUTA NOCTURNA*

6 xuño Ruta nocturna polos montes de Valladares

* Horario: Saída 20:30, Convocatoria: 20:00.

Inscripción e Funcionamento

Percorridos de mañá (gratuito, ata 165 prazas): Saída 9:00 dende a Praza do Rei. Convocatoria: 8:30. Retorno estimado: entre 14:00-15:00, na Praza do Rei, agás etapas do 17 e 24 de maio, que será sobre 18:00-19:00. Desprazamento autobús discrecional.

Inscripción: 010 (dende móbil: 986 81 02 60), na semana da actividade. Empadroados: de luns a mércores, de 8:00 a 20:00. Non empadroados: o xoves.

Sistema de adxudicación de prazas: un/unha participante non poderá participar en dúas actividades consecutivas, agás que, atopándose en lista de agarda, quedasen prazas dispoñibles o mércores a partir das 15 horas. Nese caso seralle comunicado na tarde do propio mércores previo á actividade.

Recollida do ticket de viaxe: ao coller o autobús na Praza do Rei.

Renuncia á inscrición: no caso de non poder asistir unha vez inscrito/a, hase de comunicar en info@caminoacaminovigo.org ou no teléfono 662 23 10 23. Non facelo pode supór a limitación á participación en actividades posteriores.

HORTAS URBANAS

A **Concellería de Medio Ambiente** activa as **Hortas-escola do Concello de Vigo** a partir de **7 de abril de 2026**.

- a) **Horta Navia**: martes 16-19, xoves 10-13 e sábado 10-13 | [Maps-Navia](#) (entre Máis que Auga e Skate Park)
- b) **Horta Fontáns**: mércores 16-19, sábado 10-13 | [Maps-Fontáns](#) (Rúa Fontáns 117)
- c) **Horta Pedro Alvarado**: xoves 16-19, sábado 10-13 | [Maps-Pedro Alvarado](#) (Rúa Pedro Alvarado 13A)
- d) **Horta Sardomela** (nivel I e II): martes 10-13 e venres 10-13 | [Maps-Sardomela](#) (detrás CEIP O Sello - Cabral)
- e) As **hortas de Ramón Nieto** e de **Camelias** manteñen o horario en función dos usuarios/as.

Cursos de hortas urbanas de 1º nivel: realizaranse os días 14, 15 e 16 de abril nas respectivas hortas.

PARTICIPACIÓN NAS HORTAS-ESCOLA

A Concellería de Medio Ambiente de Vigo implantou dende 2013 un programa de hortas-escola en distintos barrios da cidade: Camelias, Fontáns (Ramón Nieto), Pedro Alvarado (Teis), Navia e Sardomela (Cabral). A actividade desenvolta nestas hortas permite aos solicitantes participar no nivel I de hortas urbanas acadar os coñecementos básicos para autoxestionar unha horta e a súa posta en práctica co apoio contínuo de monitorado.

En 2016 púxose en funcionamento o nivel II das hortas urbanas, dirixido a aqueles/as participantes que cumpran a condición de ter participado no último ano nunha horta-escola (nivel I). As parcelas previstas serán aproximadamente de 20 m2 e poranse en funcionamento nunha nova horta en Ramón Nieto, reservada ata agora só a actividades de voluntariado de hortas, así como nunha parte da horta de Sardomela. Neste caso, o apoio do monitorado será esporádico.

No caso de haber máis solicitudes que parcelas dispoñibles, a Concellería de Medio Ambiente habilitará un mecanismo de asignación que contemplará criterios de asiduidade na participación ata o momento e dominio autónomo das técnicas manexadas no nivel I, e de ser preciso, sorteo entre candidatos/as con igualdade de puntos.

CURSOS DE HORTAS URBANAS

Unha demanda percibida por parte da Concellería de Medio Ambiente é o fomento das hortas urbanas. Para desenvolver esta iniciativa cómpre dispór duns conceptos básicos que se subministran neste curso e, logo, por suposto polos en práctica tanto en recintos particulares como en recintos municipais que se habiliten ao efecto. Preséntanse tres convocatorias de 1º nivel e unha de 2º nivel:

Cursos de 1º nivel

14 abril (martes): horta de Navia (16:30-18:00)

15 abril (mércores): horta de Fontáns (16:30-18:00)

16 abril (xoves): horta de Pedro Alvarado (16:30-18:00)

Destinatarios: maiores de idade.

Grupo: ata 15 persoas

Inscripción: 010 (dende móbil: 986 81 02 60), nos días previos, de 8:00 a 20:00

Nota: a realización deste curso habilita para participar nas hortas-escola

Curso de 2º nivel.

17 abril (venres): horta de Sardomela (11:00-13:00)

Horario e Lugar: comunicaraselle ás persoas preinscristas nas hortas que cumpran cos requirimentos para participar no 2º nivel.

VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAL

Programa de participación cidadá promovido pola **Concellería de Medio Ambiente** en colaboración coa Oficina Municipal de Voluntariado e dirixido a apoiar a xestión de necesidades medioambientais competencia do Concello de Vigo.

A participación no programa require a cumprimentación do requisitos de ser maior de idade e ser veciño ou veciña de Vigo, así como realizar o Curso de Iniciación ao Voluntariado Medioambiental de Camiño a Camiño (ver datas dispoñibles abaixo)

Para poder participar no Voluntariado medioambiental de Camiño a Camiño cómpre **actualizar o acordo de colaboración** de cara a cumprir cos requirimentos da lei de voluntariado de Galicia.

Cómpre advertir que por motivos organizativos no voluntariado non poder ir acompañantes nin menores dado que non están cubertos polo seguro da actividade.

ACTUACIÓNS

Voluntariado urbano: Monte da Guía, Río Lagares, Outros espazos

Martes, Mércores e Sábados, de 10 a 13 horas

Primavera: 6 de abril ata 27 de xuño; Outono: 8 de setembro a 28 de novembro. Non hábiles os festivos e pontes

Lugar: segundo acción convocada

Prazas/día: ata 15

Voluntariado de sendeiros

Martes e/ou xoves, de 16:30 a 19:30 horas.

Primavera: 6 de abril ata 27 de xuño; Outono: 8 de setembro a 28 de novembro. Non hábiles os festivos e pontes

Lugar e Prazas/día: segundo acción convocada

Voluntariado de acompañamento de cans

Mércores, 9:30 a 12:30 horas; Sábados, 9:00 a 11:00

Todo o ano, agás festivos e pontes

Lugar: Refuxio de animais abandonados de Vigo (Candeán)

Prazas/día: ata 15

CURSOS DE INICIACIÓN AO VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAL

De cara a realización de labores de voluntariado medioambiental en espazos propostos pola Concellería é preciso contar co curso de iniciación ao voluntariado medioambiental.

Traballaranse contidos básicos sobre o voluntariado (dereitos e deberes, normativa, etc) e sobre voluntariado medioambiental de Camiño a Camiño.

16 abril (xoves):

Horario: 16:30-18:30 | **Lugar:** Vigo Nature

Destinatarios: maiores de idade. | **Grupo:** ata 50 persoas

Inscripción: 010 (dende móbil: 986 81 02 60), nos días previos: de luns a mércores, de 8:00 a 20:00

Gratuíto.

18 abril (sábado):

Horario: 11:00-13:00 | **Lugar:** Vigo Nature

Destinatarios: maiores de idade. | **Grupo:** ata 50 persoas

Inscripción: 010 (dende móbil: 986 81 02 60), na semana da actividade: de luns a xoves, de 8:00 a 20:00

Gratuíto.